


# PROXECTO SIÑOR AFRANIO

Seguindo as pegadas de  
Antón Alonso Ríos  
e Ramón de Valenzuela






## Antón Alonso Ríos

Antón Hipólito Alonso Ríos nace no lugar de Campo Rapado, parroquia de Cortegada, o 15 de agosto de 1887. De moi novo emigra á Argentina onde traballa como representante de comercio e mestre; alén disto, entra en contacto co mundo societario e eríxese en fundador da Sociedad Hijos de Silleda, creando escolas laicas no Trasdeza, e a Federación de Sociedades Agrarias y Culturales. En 1931 é enviado por esta mesma Federación de Sociedades Gallegas como representante da emigración na recién instaurada IIª República en España para participar na Asemblea do Anteproxecto do Estatuto de Autonomía, da que sairá como Presidente. Como tamén saíu Presidente dunha Xunta Revolucionaria que tivo lugar en Compostela no verán de 1931. Vivirá en Tomiño, a traballar como mestre e defender os intereses do mundo agrario. Nesta mesma etapa, acrecéntase definitivamente a súa conciencia galeguista, forma parte do Partido Galeguista e traballa arreo na Campaña Pro Estatuto.

En 1936 é electo Deputado agrario ás Cortes da República na gañadora *Frente Popular*. Mais coa sublevación fascista é represaliado, perseguido, polo que foxe a través dos montes galegos durante algo máis de dous anos, até que consegue pasar a Portugal e de aí a Marrocos, para definitivamente embarcar cara á Argentina. Xa desde 1939, en Bos Aires, dedícase a colaborar en prensa, escribir o seu prolífico ideario, destacando entre outras publicacións, *Co pensamento na Patria Galega* (1942), fundar a Irmandade Galega e o Consello da Galiza en 1944, do que foi secretario xeral, e Castelao, Presidente. Á morte deste último no ano cincuenta, Antón ocupa as primeiras funcións do Consello, mais magóao enormemente, e conxuntamente coa de Ombú, o seu fillo máis novo, lévao a caer nunha espantosa amargura que o abocaría ao suicidio en Bos Aires, o día 12 de outubro de 1980.



## O Señor Afranio

“Camiñamos isa noite do 28 pró 29 cara Cristelos. No sitio chamado As Furnas estaban a esperarnos os agrarios de Cristelos. Os de Tebra que nos acompañaban deron volta e Guillermo i eu fomos levados por Aquiles a cas do Bouzada, un dos bos e xenerosos a quen deixo aquí un afervoado recordo de gratitude. Nila estivemos o día 29. Como non tiña doito usar armas pedíralle emprestada unha pistola a Donato do Seixo, o oficial do axuntamento de Tomiño. Ista pistola, que xa non conviña que a tivera comigo, deixéilla ó fillo do Bouzada.


Á tardiña, a dona do Bouzada apareceu toda asustada porque tiña cegado un aviso de que viña unha partida na nosa percura. Anoitecendo, Guillermo i eu fomos para unha veiga de millo. Pasada meia noite e quiados por Bouzada fomos na percura de Conde, que era tenente alcalde de Tomiño. Xuntos os catro chagamos o día 30 denantes de amencer a Vilachán do Monte. Un paisano, do que non recordo o nome e que lle diréi Pepe de Vilachán para me referir a il,tívonos ise día na súa casae pola noite guiounos camiño de Torroña hastra encontrarnos con outro moi bon agrario, o Celestino Gradín, e outros compañeiros que nos levaron a unha casa de Torroña. Nista estivemos Guillermo Vicente i eu por dúas tempadas”

*Antón Alonso Ríos –“O Señor Afranio”*

# Rota ALONSO RÍOS

Tebra - Torroña

Distancia aproximada: 13 kms.  
Desnivel: 440 m.



# Rota VALENZUELA

## Báscuas - Pazo da Viña

Distancia aproximada: 7 kms.

Desnivel: 200 m.

Báscuas



San Queitán



San Queitán

Desnivel m<sup>2</sup>

300  
200  
100

San Queitán

Pazo da Viña

Reboreda

Báscuas

1

2

3

4

5


6

7

Distancia Kms.



Pazo da Viña



## Ramón de Valenzuela

Ramón Valenzuela Otero nace o 3 de outubro de 1914 na Casa da Viña, parroquia de Manduas. De moi novo estuda en Compostela, logo pasaría por Pontevedra, onde acredita xa o seu talento artístico e compromiso social. Nos anos da República é estreito colaborador do Seminario de Estudos Galegos, e do Partido Galeguista, do que a partir de 1935 é o seu máximo dirixente na comarca do Deza. No verán de 1936 é levado preso, obrigándoo a formar parte do exercito sublevado, mais o 8 de decembro de 1937 fúgase para enrolarse no bando leal.

Acabada a guerra, intérnano no campo de concentración de Argelès en Francia. Recupera a liberdade e colabora co exército galo como oficial do Exército Republicano Español. Tamén en Francia coñece á que será a súa inseparábel parella, Mariví Villaverde. Permanecerá co comezo da IIª Guerra Mundial na loita republicana contra o fascismo actuando para o Servizo de Información Periférica. É detido e conducido á prisión en Donostia, ao cárcere de Ávila, e condeado a vinte anos e un día. Sae da cadea en 1944 baixo o réxime de liberdade atenuada e inhabilitado como docente. En 1949 concédeselle o indulto e exíliase en Bos Aires xunto coa súa familia. Alí é secretario de Castelao, divulga as letras, a dramaturxia e a cultura galega. Escribe a súa primeira novela, *Non agardei por ningún* e a peza teatral *As bágoas do demo*.

En 1966 volta a exiliarse, esta vez en Madrid. Traballa como profesor e difusor da historia e a xeografía galegas, colabora coa universidade, escolma os relatos de *O Naranxo*...

No ano 1975 pronuncia na Uinversidade de Compostela, a polémica e persoal conferencia *Historia do Galeguismo Político*. Coa chamada transición, 1978, rehabilitano como mestre de EXB en Madrid. É candidato do Partido Comunista de Galicia nas primeiras eleccións ás Cortes do Estado,. En 1980 rematará a súa segunda novela, *Era tempo de apandar*, morrendo o 27 de outubro. Está soterrado no cemiterio de Adina en Portonovo (Sanxenxo).

# Ramón de Valenzuela

“Xa descansado encamiñei ao coto solitario de San Queitán. No cume de San Queitán había unha hermiada pequeniña que de lonxe non se vía, porque estaba rodeada de vellos carballos e altos castiñeiros que nunca se escotaran. Había dous mil anos que fora castro celta e tiña un só camiño de acceso. Soamente o día do santo dicía alí misa o Crego de Abades.”

...

“Espertamos cando xa ía alta a mañá. Ouvíase o esvarar barullento do río da Deza que daba a impresión de que o silencio fora mayor. Un silencio activo. O punto de partida do silencio. O tempo nunca estivera mais calado na carballeira de San Queitán. Os carros que asubiaban cos eixos polas congostras de Bazar, semellaban almas herexes camiño dun purgatorio aldeán. Os autos que de vez en cando subían a empinada costa de Sulago eran escándalo adulterino e remachón daquela paz milenaria.

*Ramón de Valenzuela – “Non agardei por ninguén”*

.....

“¿Qué eramos nosoutros, oito guerrilleiros, armados de pistolas e incluso dous fusís Mauser?

Eu quería que fósemos unha reencarnación de guerrilleiros celtas enriza daquel castro que os nosos antepasados abandonaran hai dous mil anos, e saberíame ben o comenazar a danzar, coma eles, unha danza circular en salutación ao novo astro que xurdía polo teito de Carrio.

Andaran os tempos que transformaran as espadas en armas de fogo, pero no noso peito bulía o mesmo espírito de defensores da Terra que nos rodeaba e do curuto que tiñamos por Castelo.

Mais na capeliña antita estaba San Quietan no seu niño de Carrizo que nos sorría con cara coloradita e redondos ollos picareiros. El e mais a capela estaban alí dende había tres sécalos, ou quizás catro, e xa tiñan tomado posesión. Nosoutros eramos os intrusos perturbadores, e tan escandalosos como os motores que rascaban por enriza da costa de Sulago na paz cóncava do val de Merza”

*Ramón de Valenzuela – “Non agardei por ninguén”*

## PARTICIPANTES:

Alumnado dos IES de Tomiño e Silleda

Belén Fernández, *IES Tomiño, Dpto. Lingua Galega*

Gracia Santorum, *IES Silleda, Biblioteca*

Bieito Alonso, *Comisión Cidadá pola Verdade do 36*

Mario Rodríguez, *Comisión Cidadá pola Verdade do 36*

Matías R. da Torre, *Adellís Asociación Socio-cultural*

Diego Rojo, *IES Silleda, CMAFD (coordinador)*



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA E  
DEPORTE

Dirección Xeral de Creación e Difusión  
Cultural